PRIMEIRO CAMPIONATO DE XOGOS POPULARES

MAIO 2022

PRIMEIRA.- Obxecto

Convócase o Primeiro Campionato de "Xogos Populares" co obxectivo de fomentar a participación e convivencia dos veciños e veciñas durante as actividades de maio, así como recuperar parte da nosa cultura popular a través dos xogos tradicionais.

SEGUNDA.- Participantes

Establécense dúas categorías distintas segundo a idade: ***INFANTIL*** *e* ***ADULTOS****.*

- Categoría ***INFANTIL:*** *inclúe a nenas e nenos de idades* ***entre 8 e 12 anos****, ambas incluídas.*

- Categoría ***ADULTOS:*** *está destinada a todas as persoas desde os* ***13 anos.***

A participación no campionato realizarase ***en grupos*** *obrigatoriamente, os cales deberán estar formados* ***por un mínimo de tres persoas e un máximo de seis.***

Se todos/as os/as integrantes do grupo son menores de idade, deberá haber un/unha representante legal.

TERCEIRA.- Inscricións e prazos

Inscricións

A inscrición no campionato é gratuíta. Para participar é preciso entregar unha solicitude, debidamente cumprimentada, a través dalgún destes medios:

-No ***Rexistro do Concello*** *(Praza da Constitución s/n, 36670 – Cuntis – Pontevedra, en horario de 9:00 h a 13:30 h).*

-Por medio da ***Sede Electrónica*** *a través dunha instancia xeral (https://concellodecuntis.sedelectronica.gal), na que se incluirá o ANEXO I debidamente asinado.*

A solicitude (ANEXO I) e as presentes bases poderán descargarse na Páxina Web do Concello ou recollerse na O.M.I.X. (lugar co que deben contactar en caso de dúbidas), localizada no Centro Sociocultural e Xuvenil José Raído "Patelas" (Rúa Xohán Xesús González, nº 10) en horario de atención ao público (de luns a venres de 9:00 h. a 14:00h.) ou solicitalas ao correo omix@concellodecuntis.es.

Prazos

O prazo de presentación das solicitudes (ANEXO I) será ***dende a publicación destas bases ata o 12 de maio****, nalgunha das formas anteriormente descritas.*

CUARTA.- Lugar de celebración

A celebración deste campionato terá lugar nas ***prazas da vila****. Os/as participantes non poderán desviarse do percorrido marcado polo Concello e deberán realizar as distintas probas mencionadas nestas bases.*

QUINTA.- Data
O campionato levarase a cabo o sábado ***14 de maio ás 18:00 h.*** *Os/as participantes deberán acudir á* ***Praza das Árbores*** *a esa hora para recibir as indicacións da organización.*

SEXTA.- Probas
As actividades nas que competirán serán: o ***xogo das cadeiras, o cadro, unha carreira de sacos, unha eliminatoria do xogo do pano*** *e* ***o zapatiño quieto é*** *("escondite inglés").*
Os equipos gañadores de cada proba obterán 3 puntos, os segundos 2 puntos e os terceiros 1 punto. Ao rematar as probas e sumar os puntos, se hai empate na puntuación final, repetirase unha proba ao azar e sumaranse os puntos.

SÉTIMA.- Premios
Concederanse os siguientes premios:
Na categoría INFANTIL (de 8 a 12 anos)
-O equipo gañador recibirá un agasallo especial. Ademais, cada participante recibirá un pequeno obsequio sorpresa.
Na categoría ADULTOS (a partir de 13 anos)
- Primeiro premio : 300 euros.
- Segundo premio : 200 euros.
- Terceiro premio : 150 euros.
Os premios entregaranse ao finalizar o campionato.

OITAVA.- Protección de datos.

Os datos subministrados polas persoas participantes serán tratados confidencialmente e recompilados nun ficheiro automatizado de datos de carácter persoal, sendo o Concello de Cuntis titular e responsable de dito ficheiro, con domicilio social na praza da Constitución, nº 4, e cuxa finalidade será a xestión do presente concurso e envío de información que puidese ser do seu interese. Con este consentimento tamén acepta o envío de comunicacións por correo electrónico e posteriores comunicacións referidas a este Concurso, así como o uso de imaxes obtidas en actos relacionados cos premios. O Concello de Cuntis garante o cumprimento íntegro da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal no tratamento dos datos persoais recollidos no presente CONCURSO, en especial polo que se refire á atención do exercicio dos dereitos de información, acceso, rectificación, oposición e cancelación de datos persoais das persoas concursantes.

NOVENA.- Publicación.
Estas bases publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello (https://concellodecuntis.sedelectronica.gal), na páxima web municipal e nas redes sociais.

DÉCIMA.- Condicións de participación

A participación neste campionato implica a total aceptación das presentes bases, así como a decisión da Organización e Xulgado nos casos non previstos nas mesmas.

O Concello de Cuntis resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento do campionato.